La Voz de Galicia MARTES **29 OUTUBRO** 2019 • ANO VII – Nº 204 • Correo – liderlugo@lavoz.es

# 1.Líder BASKET



JUNIOR 1º DIVISIÓN FEMININO

ENSINO LUGO **53 | 51** CLUBE INSTITUTO ROSALÍA DE CASTRO

# PROBA SUPERADA

**O Durán Maquinaria Ensino saíu airoso do primeiro duelo directo** ante un aspirante ao título de Liga. As de Miguel López impuxéronse ao Instituto Rosalía nun encontro moi igualado. O derbi da próxima xornada ante Estudiantes aprazouse e aínda teñen pendente medirse ao Celta de Vigo

**65 | 69**

## Segunda vitoria consecutiva do Academia A Mariña

O conxunto que dirixe Nacho Mota sobrepúxose á expulsión por faltas de Sara para dobregar a Peleteiro na prórroga, nun recital colectivo que asinaron Zaida e Henar

**75 | 51**

## Suma e segue do San Ciprián na Liga Galega cadete masculina

Os de Manolo Cobas suman por vitorias os tres encontros disputados. Na próxima xornada mídense a Ribadeo no que será o primeiro derbi entre equipos da Mariña na 1ª División

DERBI LIGA GALEGA JÚNIOR MASCULINA

## Ensino e Estudiantes cítanse este xoves nun duelo histórico

Por primeira vez os dous clubs máis representativos do baloncesto lucense veranse as caras na Primeira División masculina. O encontro terá lugar a partir das 20:00 horas no Anexo do Pazo dos Deportes


Iván Cabezudo tras gañar unha xogada un para un


O celeste Pedro coa pelota nunha xogada de ataque


Jorge tratando de superar a presión dun xogador rival



Lucas a piques de finalizar unha entrada a canastra

# Unha triunfo que vale máis que unha vitoria

**ESTUDIANTES LEYMA** gañou a un rival directo polo título por 22 puntos de cara ao average particular e chega pletórico ao gran derbi

| ESTUDIANTES 76 | | TUI 54 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Mikel | | Souto | |
| Anxo | | Diez | |
| Álvaro | | Kjaergaad | |
| Dani | | Lampón | |
| Cabe | | Diéguez | |
| Jorge | | Martínez | |
| Diego | | Martín | |
| Lucas | | Iglesias | |
| Adrián | | Soto | |
| Carlos | | Casero | |
| Pedro | | | |

**"GRAN TRABAJO DEFENSIVO DEL EQUIPO EN LA SEGUNDA PARTE. ENHORABUENA A LOS CHICOS"**

PABLO ABUÍN - Estudiantes

**+25**

**NA SEGUNDA PARTE,** na que a defensa en zona do Estudiantes secou a Tui e sacouno do partido completamente

Estudiantes deu un golpe sobre a mesa na Liga Galega júnior masculina. Os de Pablo Abuín impuxéronse con autoridade a Tui, verdugo celeste nas semifinais da Copa Galicia e aspirante ao título de Liga, cunha diferenza final de 22 puntos que pode ser clave no basketaverage particular.

Esperábase un partido duro e complicado e as expectativas estiveron á altura da realidade. Nos primeiros minutos Tui exhibiu un gran acerto desde o tiro exterior, e Estudiantes empezou dubitativo pero foi de menos a máis.

O primeiro cuarto pechouse con 16-20. No segundo parcial Estudiantes empezou a subir o listón de esixencia defensiva pero tivo porcentaxes de acerto baixos, tanto preto do aro como no tiro exterior, e cun parcial de 16-15 nos segundos dez minutos chegouse ao descanso con 32-35.

Na segunda parte Estudiantes empezou sen brillo, con demasiados lanzamentos de tres puntos e sen claridade de ideas, pero Pablo Abuín cambiou o rumbo do encontro suscitando unha defensa zonal coa que deu un xiro radical ao partido. Estudiantes empezou a crecer desde a defensa secando por completo a Tui e ao defender ben atacou moito mellor.

Cun 17-11 de parcial no terceiro cuarto os celestes tomaron o mando do partido, pero a dinámica ascendente de Estudiantes devorou a Tui por completo nos últimos dez minutos, nos que chegaron moito máis enteiros física e mentalmente para varrer da pista a Tui cun último parcial de 27-8 co que asinaron o definitivo 76-54.

Unha renda de 22 puntos que vale máis que unha vitoria e coa que chegan lanzados ao esperado derbi capitalino que se disputará pasadomañá, xoves, a partir das 20:00 horas no Anexo.

# O Durán Maquinaria tamén sabe gañar de forma axustada

**VITORIA DE MÉRITO EN VILAGARCÍA** nun partido máis efectivo que vistoso no que a forza dos de Adrián González residiu no grupo. O derbi, seguinte escala na Liga

**2**

**DÍAS PARA O DERBI** pasadomañá, xoves, a partir das 20:00 horas no Anexo, Ensino e Estudiantes mediránse por primeira vez nun histórico e agardado encontro na Liga Galega júnior masculina. Ambos chegan con pleno de vitorias nas tres primeiras xornadas, polo que o liderado da competición estará en xogo

| SIGALTEC 63 | | ENSINO 71 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | | Xogador | PTS. |
| Santorumi | | Eloy | 7 |
| Rodríguez | | Mario | |
| Sabugueiro | | Duran | |
| Serqueira | | Alberto | |
| Padín | | Cristian | 14 |
| Buceta | | Hugo Rey | 19 |
| Rodríguez | | Sergio | 11 |
| Barreiro | | Jorge | 4 |
| Martínez | | Olloqui | 10 |
| Porto | | Dani Lopez | 5 |
| Castaño | | Sebastian | 1 |
| Barreiro | | | |

**"FUE UN PARTIDO EN EL QUE UN EQUIPO SE TRASFORMÓ EN UN GRUPO DONDE TODOS SUMAN"**

ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

O Durán Maquinaria Ensino segue no máis alto da clasificación na Liga Galega júnior trala disputa das tres primeiras xornadas. Nas dúas primeiras os de Adrián González practicamente paseáronse, pero neste terceiro emparellamento chegaba un reto maior ao visitar a Sigaltec en Vilagarcía de Arousa.

O inicio de tempada dos locais non é acorde co seu potencial, e iso viuse desde os primeiros minutos nos que aguantaron o tirón inicial dun Ensino con bo ritmo de anotación pero que empezou a sufrir co xogo en transición de Sigaltec.

O primeiro parcial pechouse con 18-25 e no segundo o partido púxose moito máis duro e ante a falta de lucidez no xogo ambos equipos loitaron sen tregua por cada posesión, asinando un segundo parcial de 11-14 para chegar ao descanso con máis dez para Ensino, 29-39.

Trala tregua no paso polos vestiarios os lucenses intentaron romper o partido ao seu favor nos primeiros minutos e empezaron a segunda parte cun ritmo alto e sendo intensos no xogo.

Con todo, as transicións locais seguían sendo unha sangría e dominaron o terceiro cuarto que se pechou cun parcial de 21-19 para chegar aos últimos dez minutos con máis 8 para Ensino e con todo por decidir.

A dinámica ascendente era de Sigaltec e por primeira vez esta tempada o Durán Maquinaria Ensino víase esixido na Liga Galega júnior masculina. A resposta era unha incógnita, pero despexárona con nota e con unión. Nos primeiros minutos do último cuarto apareceu certa ansiedade que propiciou precipitacións e perdas de balón. Adrián González parou o partido cun tempo morto no que baixou as pulsacións dos seus xogadores, deulles tranquilidade e viuse un Ensino fiable e seguro nos minutos finais de partido, nos que conseguiron anotar ou sacar tiros libres cos que manter baixo control a Sigaltec ata o final do encontro para sumar a terceira vitoria consecutiva e manterse no máis alto da clasificación.

**Próxima xornada**

Chega unha das citas máis agardadas da tempada, o derbi ante Estudiantes que se disputará o próximo xoves a partir das 20:00 horas no Anexo co aliciente de estar o liderado da competición en xogo.


O ensinista Jorge Pillado finalizando unha acción



Natalia Martínez asinou un triplo decisivo no treito final



Elena gañándolle a partida a Nerea na pintura



Leboreiro defendendo a Nerea ante Catuxa e Alba

# O que pega primeiro, pega dobre

**O ENSINO** impúxose nun duelo directo no alto da táboa a Rosalía e manda unha nova mensaxe de que será un dos rivais. Natalia Martínez, cunha tripla, puxo fin á resistencia compostelá

| ENSINO 53 Xogadora | PTS. | ROSALÍA 51 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Maite | 9 | Seoane | |
| Eva | 7 | Penedo | |
| Alba | 3 | Golpe | |
| Natalia M. | 15 | López | |
| Carmen | 5 | Hermo | |
| Natalia G. | | Rodríguez | |
| Elena | 3 | García | |
| Catuxa | 4 | Rosende | |
| Paula | 7 | Rama | |
| | | Romero | |
| | | Liste | |

**"HA SIDO UN PARTIDO MUY DURO DEL QUE SACAREMOS MUCHAS IDEAS QUE NOS HARÁN MEJORES A TODOS"**

MIGUEL LÓPEZ - Ensino

O Ensino impúxose nun partido de infarto a Rosalía no Anexo. O conxunto que dirixe Miguel López recibiu a Instituto Rosalía, conxunto que está na trama de equipos que queren discutir o reinado do Celta de Vigo esta tempada.

Esperábase un partido pechado e a poucos puntos, e iso foi o que se viu. As compostelás non deixaron que Ensino correse nin tivese un ritmo de xogo alto co que se atopan máis a gusto, e malia que aos tres minutos unha das mellores xogadoras de Rosalía foi descualificada, a compostelá Nerea tomou as rendas e foi un pesadelo para as lucenses.



Natalia e Maitea celebrando unha acción do equipo

Ensino empezou cun 13-4 de parcial inicial con acerto nos triplos, pero este foise diluíndo co paso dos minutos nos que as locais abusaron en exceso do tiro exterior.

Ao descanso chegouse con empate a 25, pero Ensino sorprendeu cunha intensa posta en escena tralo paso polos vestiarios e colleu unha renda que superaba os dez puntos.

Ao último cuarto chegouse con máis 7 para Ensino, pero coa visitante Nerea Liste co coitelo entre os dentes ameazando coa remontada.

Rosalía púxose a tan só dous puntos de vantaxe e no Anexo respirábase tensión, ata que Natalia Martínez, cun lanzamento de tres puntos cando peor pintaban as cousas, tranquilizou os ánimos de remontada dun Rosalía que pese a iso dispuxo dunha última posesión, que defendeu ben Ensino para evitar o empate nun duelo de alturas no que se impuxo o Ensino de Miguel López.

# Estudiantes aplicouse a mellor medicina tras unha derrota

**A VITORIA ANTE BASQUET CORUÑA** arrincou co bo traballo semanal nos adestramentos tras perder a pasada xornada en Santiago ante Rosalía

**88**

**PUNTOS A FAVOR**

Estudiantes asinou 27-15-23 e 23 puntos en cada un dos parciais ante Basquet Coruña, nun encontro no que souberon ler á perfección sobre a marcha os intentos de cambio de defensa das herculinas para cortar a sangría de puntos en contra

| B. CORUÑA 40 Xogadora | PTS. | ESTUDIANTES 88 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Figueroa | | Eva | |
| Herrero | | María | |
| Fernández | | Sabela | |
| Lara | | Yashina | |
| Valen | | Marta F. | |
| Sainz | | Silvia | |
| Varela | | Claudia | |
| Astorga | | Cristina | |
| Arosa | | Nuria | |
| Argibay | | Laura | |
| Carballal | | Carla | |

**"VICTORIA MUY MERECIDA EN UN PARTIDO QUE NOS VIENE MUY BIEN PARA REFORZAR EL TRABAJO Y LA DINÁMICA POSTIVA DEL EQUIPO"**

FERNÁN VARELA - Estudiantes Leyma

Perder está permitido, levantarse é obligatorio. Este devandito deportivo aplicouno o Estudiantes Leyma na súa máxima expresión.

O conxunto que dirixe Fernán Varela perdeu a pasada xornada en Santiago e lonxe de lamentarse, encaixou a derrota e realizou un moi bo traballo semanal nos adestramentos que plasmaron no seguinte encontro.

Estudiantes tiña ganas de partido e demostrouno desde os primeiros minutos cunha brillante posta en escena coa que varreron da pista a base de intensidade ao seu rival.

O 8-27 dos primeiros dez minutos é un bo reflexo diso. Basquet Coruña é un equipo moi grande, pero viuse superado pola intensidade defensiva dun Estudiantes que roubou e correu á contra con moita soltura, asinando un segundo parcial de 6-15 para chegar ao descanso con 23-42 no electrónico.

Na segunda parte as lucenses foron ampliando a vantaxe co paso dos minutos, sendo capaces de ler á perfección o partido sobre a marcha sen deixarse sorprender polos cambios defensivos que intentaron as coruñesas, sen éxito ao longo da segunda parte para cortar a sangría de puntos en contra.

Ao final, tras senllos parciais de 15-23 e 8-25, o marcador final foise ata un claro e contundente 40-88.

O parón da próxima fin de semana, propiciado polo aprazamento do derbi ante Ensino, permitirá ás celestes seguir afinando a súa posta a punto con dúas semanas de adestramentos por diante antes de retomar a competición na Liga Galega.



Fernán Varela felicitando a Yashina, Sabela e Cris tras un encontro no Anexo

# San Ciprián deixa de ser unha novidade e xa é unha realidade

**TERCEIRA VITORIA NOUTROS TANTOS ENCONTROS DO SUMINISTROS CARREIRA** na Liga Galega cadete. Os mariñaos, pese a ser debutantes na competición, xa son un dos rivais a bater

| SAN CIPRIÁN 75 Xogador | | B. FERROL 51 Xogador | PTS. |
|---|---|---|---|
| Antón | 18 | Rouco | |
| Dani | | Ferreira | |
| Diego | 13 | Bellas | |
| Marcos | 2 | Gómez | |
| Carlos | 2 | Ojea | |
| Manu | | Castro | |
| Manuel | 5 | Gil | |
| Mario | 12 | Leonardo | |
| Miguel | | Valenciano | |
| Hugo | 23 | Romero | |

**"EL EQUIPO DISPUTÓ UN BUEN PARTIDO EN LÍNEAS GENERALES, PERO AÚN NOS CUESTA MUCHO CERRAR EL REBOTE Y DEBEMOS MEJORAR EN ELLO"** MANOLO COBAS - San Ciprián

Terceira vitoria noutros tantos encontros disputados polo Suministros Carreira San Ciprián na Liga Galega cadete masculina, competición na que os de Manolo Cobas xa empezan a estar na fala da xente ao pasar de ser unha novidade a unha realidade.

San Ciprián comparte liderado con Estudiantes e a próxima xornada disputarán un histórico derbi ante Ría de Ribadeo no que por primeira vez mediranse dous equipos mariñaos nunha Primeira División cadete. Á cita os de Manolo Cobas chegan pletóricos, pero con tarefas por facer para mellorar aspectos como o rebote para seguir crecendo como equipo na máxima competición.

Ante Basket Ferrol os mariñaos marcaron territorio desde os primeiros minutos, cun primeiro cuarto de moito nivel co que descolgaron aos ferroláns no marcador, 24-10. San Ciprián tivo unha boa circulación de balón, boas porcentaxes de acerto no tiro exterior e cunha boa actitude e intensidade defensiva marcharon con certa facilidade no marcador.

No segundo parcial continuou a dinámica ascendente cunha renda máxima de 17 puntos, pero no ecuador do segundo cuarto Mario tívose que ir ao banquiño ao cometer a terceira falta persoal e San Ciprián perdeu potencial físico na pintura. Con menos capacidade de intimidación e reboteadora, Basket Ferrol puido coller aire, creuno e púxose a tan só dous puntos no marcador.

San Ciprián chegou ao descanso con máis 7 grazas a unha canastra desde o seu propio campo de Hugo Cobas sobre a bucina.

Mario volveu entrar a escena na segunda parte e San Ciprián recuperou a normalidad no seu xogo, volveu ter boa circulación de balón para atopar tiros liberados, acerto no tiro exterior e dominou as pinturas para asinar un global de 35-18 na segunda parte coa que puxeron rumbo fixo cara á súa terceira vitoria.

**23**

**PUNTOS HUGO COBAS,** que e o seu promedio neste inicio de tempada no que asinou 20 no primeiro partido, 27 no segundo e 23 ante Culleredo

**1º**

**DERBI MARIÑAO** na Liga Galega cadete. O partido entre San Ciprián e Ría de Ribadeo da próxima xornada será o primeiro que disputen dous equipos da Mariña na máxima categoría cadete



Hugo Cobas, que se foi ata os 23 puntos neste encontro

## O partido en Santiago quedouse curto

**ESTUDIANTES** competiu sempre ante un gran rival e rematou o encontro ameazando cunha remontada que podería chegar de ter máis tempo

| PELETEIRO 57 Xogadora | PTS. | ESTUDIANTES 49 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Filgueiras | | Lian | |
| Mújica | | Íria | |
| Sanmartín | | Celia | |
| Moure | | Candela | |
| Martínez | | Enma | |
| Súarez | | María | |
| Fidalgo | | Marta F. | |
| Leza | | Claudia | |
| Rodríguez | | Laura | |
| Pardo | | Carla | |
| Abalo | | Marta R. | |
| Rivas | | | |

**"MUY CONTENTO CON LA REACCIÓN DEL EQUIPO CUANDO PEOR PINTABAN LAS COSAS. SOLO CREO QUE TENEMOS QUE CONSEGUIR SER UN POCO MÁS CONSTANTES"** FERNÁN VARELA - Estudiantes Leyma



Candela a piques de finalizar un contraataque

Estudiantes Leyma saíu de Santiago coa sensación de que si durase un pouco máis o partido que lle mediu con Peleteiro, poderían sumar unha nova vitoria na Liga Galega cadete feminina.

As de Fernán Varela viaxaron a Compostela conscientes do complicado reto que tiñan por diante ante un dos mellores equipos da competición, que xa é o único que suma por vitorias os tres encontros disputados.

A loita e entrega das celestes estivo unha vez máis fóra de toda dubida, pero Peleteiro tirou de calidade para manter un goteo de puntos constante ata en situacións de boa defensa celeste.

De inicio Estudiantes sorprendeu cunha boa posta en escena a Peleteiro, finalizando o primeiro parcial con empate a 13. Xa no segundo, as compostelás fóronse no marcador cun 21-6 moito máis avultado das sensacións que se tiñan en pista.

O inicio da segunda parte foi espectacular por parte de Estudiantes, xogando a un gran nivel e coa única lagoa do acerto para achegarse máis no marcador. Si o fixeron nos últimos dez minutos, nos que secaron a Peleteiro en ataque, deixando ás compostelás en 8 puntos e con 16 anotados amagaron seriamente con darlle a volta ao marcador, algo que quedou na sensación de todos se o partido durara un pouco máis.

## Estudiantes tomou o mando da Liga Galega cadete en Culleredo

| CULLEREDO 62 Xogador | PTS. | ESTUDIANTES 78 Xogador | PTS. |
|---|---|---|---|
| Seoane | | Andrés | 2 |
| García | | Mikel | 24 |
| Iglesias | | Álvaro | 16 |
| López | | Dani | 6 |
| Lorenzo | | Óscar | 10 |
| Rodríguez | | Lucas | 2 |
| Quiles | | Cristian | 3 |
| Ferrer | | Rafa | 1 |
| Gayoso | | Germán | |
| Val | | Simón | 8 |
| Abeal | | Brais | 6 |

**"FELICITO A LOS CHICOS POR UN PARTIDO MUY SERIO Y TRABAJADO"** JAVI PEINÓ - Estudiantes Leyma



Javi Peinó dando instruccións aos seus xogadores

Estudiantes asinou a súa terceira vitoria consecutiva, coa que ascende ao primeiro posto da Liga Galega cadete masculina tras impoñerse en Culleredo nun partido marcador pola defensa celeste desde o segundo parcial en diante.

Ata entón o primeiro cuarto disputouse de poder a poder e con intercambio de canastras, impoñéndose os ataques dos dous equipos ás defensas e pechando os primeiros dez minutos con 22-20 no electrónico.

A defensa lucense deu un paso á fronte a partir de aí, e con iso Estudiantes tomou o mando no marcador, gozando das primeiras vantaxes que puideron ser máis amplas, pero Culleredo, con tres triplos neste cuarto, mantívose con vida ao descanso, 33-38.

A defensa celeste xogou a un moi bo nivel ao comezo da segunda parte, na que Culleredo empezouse a descolgar no marcador. Ademais do listón defensivo alto Estudiantes tivo unha boa circulación de balón en ataque e cun parcial de 13-23 rompeu o partido antes dos dez últimos minutos nos que Culleredo maquillou un pouco a diferenza final.

**245**

**PUNTOS EN 3 PARTIDOS**

Estudiantes é o equipo que máis puntos mete por encontro, cunha media de 81 puntos por partido neste inicio de tempada na Liga Galega cadete masculina

# O Ensino medra a pasos axigantados

## SEGUNDA VITORIA CONSECUTIVA E SEGUNDO POSTO NA LIGA GALEGA tras impoñerse no Anexo con autoridade a Culleredo na primeira exhibición de Eva Pardo coa camiseta roxa


David Martínez falando na banda con Carla Díaz


Paula H. coa pelota entre tres xogadoras de Culleredo


A ensinista Sabela nun un para un na pista do Anexo

**"POCO A POCO VAMOS MEJORANDO EN ASPECTOS QUE NOS MEJORAN COMO EQUIPO. PARTIDO MUY COMPLETO DE TODAS"** DAVID MARTÍNEZ - AIGOR ROMO - Ensino Lugo

| ENSINO 84 | | CULLEREDO 53 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Carla Paz | 2 | Botana | |
| Eva | 45 | Sánchez | |
| Paula | 23 | Fernández | |
| Lucía M. | 2 | Rivas | |
| Silvia | 3 | Manzanares | |
| Antía | 2 | López | |
| Sabela | 1 | Piñeiro | |
| Lorena | 2 | González | |
| Carla G. | 1 | | |
| Carolina | 3 | | |

**45**

**PUNTOS EVA PARDO,** sendo esta a máxima anotación dun xogador ou xogadora do baloncesto lucense en categoría superior esta tempada. Na pasada xornada asinou 17 puntos

**2**

**VITORIAS E SEGUNDO POSTO** trala derrota na xornada inaugural o Ensino gañou os dous seguintes encontros e xa é segundo na táboa clasificactoria da Liga Galega cadete feminina

Xornada tras xornada o Ensino crece como equipo na Liga Galega cadete. As lucenses, cada vez máis axustadas, impuxéronse con autoridade a Culleredo e chegan ao derbi ante Estudiantes cotizando á alza.

O Ensino saltou á pista controlando o rebote e o balance con concentración defensiva, o que lles deu intensidade tamén á hora de atacar. Eva Pardo foi un pesadelo para a defensa visitante e terminou imparable con 45 puntos, pero en xeral todas as xogadoras atoparon vías para anotar, ben con acerto no tiro exterior ou penetrando, ou gañando os uns para un ou forzando faltas persoais.

Todo iso viuse reflectido moi pronto no marcador co 23-17 de primeiro parcial.

No segundo cuarto o xogo igualouse máis con intercambio de canastras para chegar ao descanso con 36-30 no marcador.

Culleredo mantívose con vida no terceiro cuarto grazas aos tiros libres e a que Ensino tivo problemas no ataque estático, anotando case todos os puntos tras rebote e rápidas transicións, mentres que no último parcial, o Ensino tivo un listón de esixencia que Culleredo non puido manter e cun parcial final de 22-11 selaron a súa segunda vitoria consecutiva antes do derbi capitalino, que á pechadura desta edición aínda non tiña definido o día nin o horario de encontro.


Carla González correndo unha acción ao contraataque


Eva a piques de rematar unha xogada baixo o aro


Paula Hoyuelos botando o pelota na pintura

## CLASIFICACIÓNS LIGAS AUTONÓMICAS

### JUNIOR 1º DIV. FEMININO

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Coruña – Estudintes | 40-88 |
| Durán Ensino – Rosalia | 53-51 |
| C. Artabra – Carmelitas | --- |
| Cortegada – Celta | 27-92 |
| Bosco – C. Mariano | 58-67 |
| Compañía M. – Peleteiro | 36-62 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PELETEIRO | 3 | 3 | 0 | 0 | 176 | 107 |
| COLEXIO MARIANO | 3 | 3 | 0 | 0 | 207 | 146 |
| ROSALIA | 3 | 2 | 1 | 0 | 188 | 155 |
| **ESTUDIANTES** | **3** | **2** | **1** | **0** | **189** | **137** |
| BOSCO | 3 | 1 | 2 | 0 | 161 | 166 |
| COMPAÑIA MARIA | 3 | 1 | 2 | 0 | 142 | 189 |
| CELTA ZORKA | 2 | 2 | 0 | 0 | 178 | 60 |
| **DURAN ENSINO** | **2** | **2** | **0** | **0** | **137** | **79** |
| BASQUET CORUÑA | 3 | 0 | 3 | 0 | 150 | 232 |
| CORTEGADA | 3 | 0 | 3 | 0 | 104 | 210 |
| CARMELITAS | 2 | 0 | 2 | 0 | 65 | 130 |
| COSTA ARTABRA | 2 | 0 | 2 | 0 | 76 | 162 |

PRÓXIMA XORNADA

Peleteiro – B. Coruña
Mariano – Compañía Maria
Celta – Bosco
Rosalia – C. Artabra
Estudiantes – Durán Ensino
Carmelitas – Cortegada

### JUNIOR 1º DIV. MASCULINO

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Culleredo – Blanco Amor | 49-48 |
| Sigaltec – Durán Ensino | 63-71 |
| Estudiantes – CB Tui | 76-54 |
| Rosalia – Bosco | --- |
| CB Allariz – C. Ourense | 66-64 |
| B. Ferrol – Obradoiro | 51-83 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **DURÁN ENSINO** | **3** | **3** | **0** | **0** | **244** | **169** |
| OBRADOIRO | 3 | 3 | 0 | 0 | 224 | 163 |
| **ESTUDIANTES** | **3** | **3** | **0** | **0** | **222** | **169** |
| CB ALLARIZ | 3 | 2 | 1 | 0 | 200 | 184 |
| C.B. TUI MASCATO | 3 | 2 | 1 | 0 | 217 | 215 |
| KFC CULLEREDO | 3 | 2 | 1 | 0 | 168 | 195 |
| ROSALIA CASTRO | 2 | 1 | 1 | 0 | 135 | 136 |
| BOSCO | 2 | 1 | 1 | 0 | 135 | 137 |
| EDO BLANCO AMOR | 3 | 0 | 3 | 0 | 167 | 211 |
| BASKET FERROL | 3 | 0 | 3 | 0 | 151 | 225 |
| CLUB OURENSE | 3 | 0 | 3 | 0 | 195 | 221 |
| SIGALTEC | 3 | 0 | 3 | 0 | 201 | 234 |

PRÓXIMA XORNADA

Obradoiro – Culleredo
C. Ourense – B. Ferrol
Bosco – Allariz
CB Tui – Rosalia
Durán Ensino – Estudiantes
Sigaltec – Blanco Amor

### CADETE 1º FEMININO NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Maristas – Giraldo | 87-81 |
| C. Artabra – Rosalia | 80-53 |
| Peleteiro – Estudiantes | 57-49 |
| Candelas Ensino – Culleredo | 84-53 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PELETEIRO | 3 | 3 | 0 | 0 | 184 | 145 |
| **CANDELAS ENSINO** | **3** | **2** | **1** | **0** | **192** | **180** |
| **ESTUDIANTES** | **3** | **2** | **1** | **0** | **199** | **191** |
| MARISTAS CORUÑA | 3 | 2 | 1 | 0 | 200 | 188 |
| GIRALDO CBV | 3 | 1 | 2 | 0 | 200 | 208 |
| KFC CULLEREDO | 3 | 1 | 2 | 0 | 175 | 192 |
| COSTA ARTABRA | 3 | 1 | 2 | 0 | 209 | 207 |
| INSTITUTO ROSALIA | 3 | 0 | 3 | 0 | 151 | 199 |

PRÓXIMA XORNADA

Culleredo – Maristas Coruña
Estudiantes – Candelas Ensino
Rosalia – Peleteiro
Giraldo – C. Artabra

### CADETE 1º MASCULINO NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Coruña – C. Artabra | 69-57 |
| Culleredo – Estudiantes | 62-78 |
| Ría Ribadeo – Ensino Lugo | Apr. |
| San Ciprián – B. Ferrol | 75-51 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **3** | **3** | **0** | **0** | **245** | **178** |
| **SAN CIPRIAN** | **3** | **3** | **0** | **0** | **215** | **183** |
| BASQUET CORUÑA | 3 | 2 | 1 | 0 | 236 | 233 |
| **ENSINO LUGO** | **2** | **2** | **0** | **0** | **148** | **124** |
| BASKET FERROL | 3 | 1 | 2 | 0 | 199 | 209 |
| KFC CULLEREDO | 3 | 0 | 3 | 0 | 200 | 236 |
| COSTA ARTABRA | 3 | 0 | 3 | 0 | 140 | 198 |
| **CB RÍA DE RIBADEO** | **2** | **0** | **2** | **0** | **142** | **164** |

PRÓXIMA XORNADA

Ensino Lugo – B. Coruña
San Ciprián – Ría Ribadeo
Estudiantes – B. Ferrol
C. Artabra – Culleredo

### INFANTIL 1º FEMININO NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Peleteiro – Burela | 65-69 |
| CB Arxil – Inmoponte | --- |
| Rosalia – Estudiantes | 58-42 |
| Junquera – C. Artabra | 50-59 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| INSTITUTO ROSALÍA | 3 | 3 | 0 | 0 | 196 | 138 |
| COSTA ARTABRA | 3 | 2 | 1 | 0 | 189 | 174 |
| **ESTUDIANTES** | **3** | **2** | **1** | **0** | **180** | **173** |
| **BURELA** | **3** | **2** | **1** | **0** | **178** | **147** |
| GRUPO JUNQUERA | 3 | 1 | 2 | 0 | 157 | 154 |
| PELETEIRO | 3 | 1 | 2 | 0 | 161 | 146 |
| C.B.ARXIL | 2 | 0 | 2 | 0 | 113 | 161 |
| CAB INMOPONTE | 2 | 0 | 2 | 0 | 41 | 122 |

PRÓXIMA XORNADA

C. Artabra – Peleteiro
Estudiantes – Junquera
Inmoponte – Rosalia
Acedemia Mariña Burela – CB Arxil

### INFANTIL 1º MASCULINO NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Montrove – Maristas Lugo | 70-77 |
| Betanzos – Estudiantes | 80-77 |
| Narón – Culleredo | 74-48 |
| B. Coruña – Obradoiro | 42-101 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO CAB | 3 | 3 | 0 | 0 | 232 | 142 |
| NARÓN | 3 | 2 | 1 | 0 | 224 | 157 |
| **ESTUDIANTES** | **3** | **2** | **1** | **0** | **237** | **208** |
| BETANZOS | 3 | 2 | 1 | 0 | 198 | 187 |
| **MARISTAS LUGO** | **3** | **2** | **1** | **0** | **217** | **204** |
| MONTROVE | 3 | 1 | 2 | 0 | 206 | 221 |
| KFC CULLEREDO | 3 | 0 | 3 | 0 | 148 | 224 |
| BASQUET CORUÑA | 3 | 0 | 3 | 0 | 148 | 267 |

PRÓXIMA XORNADA

Obradoiro – Montrove
Culleredo – B. Coruña
Estudiantes – Narón
Maristas – Betanzos


Nacho Mota e Carlos Madar, adestradores de Academia A Mariña, no banquiño coas súas xogadoras

# Tempo extra do Burela

**O ACADEMÍA A MARIÑA** puxo fin á resistencia de Peleteiro, que se creceu trala expulsión de Sara por faltas, na prórroga do partido

| PELETEIRO 65 Xogadora | PTS. | CB BURELA 69 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Rodríguez | | Henar | 4 |
| Bao | | Sara | 24 |
| Estraviz | | Zaida | 2 |
| Otero | | Laura | |
| Gómez | | Lucía | 8 |
| Crecente | | Cecilia | 8 |
| Vaamonde | | Irea | |
| Iglesias | | Sabela | 23 |
| Trías | | Paula | |
| Vidal | | | |

**"ENORME ESFUERZO DE TODO EL EQUIPO PARA CONSEGUIR UNA GRAN VICTORIA. ENHORABUENA A TODAS"**
NACHO MOTA - CB Burela

O Academia A Mariña Burela tomoulle o pulso de cheo á Liga Galega infantil tras impoñerse nun partido dos que se sae reforzado como grupo.

As pupilas de Nacho Mota presentáronse en Santiago sen presión trala primeira vitoria en casa e xogaron un bo baloncesto en Compostela.

Os dous primeiros cuartos foron igualados, con Peleteiro manténdose no marcador con varias canastras no último suspiro de posesión, tras boas defensas dun Burela que terminou con mellores sensacións a primeira parte do que indicaba o 19-24 co que se chegou ao descanso.

Na segunda parte Burela despegou ao comezo con 4 triplos e con Sara e Sabela imparables para chegar ao último cuarto con máis 15, unha renda que parecía suficiente ata que Sara foi expulsada por faltas. Peleteiro creceuse e cun último parcial de 27-12 forzou a prórroga.

No tempo extra, sen Sara, Burela apelou á forza do grupo e malia fallar 5 tiros libres, selou a vitoria con traballo, unha canastra de Zaida para o 65-67 e dous tiros libres de Henar para sentenciar o encontro co definitivo 65-69.

# A acumulación de faltas marcou o resultado final

**ESTUDIANTES** caeu en Santiago ante Rosalía nun partido marcado pola carga de persoais

| ROSALÍA 58 Xogadora | PTS. | ESTUDIANTES 42 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Fuente | | Laura | |
| Liñares | | María | |
| Merelles | | Ana | |
| Lado | | María | |
| Carro | | Pau | |
| Trillo | | Aroa | |
| Casuso | | Daniela | |
| Pérez | | Alma | |
| Mallou | | Ari | |
| Rodríguez | | Iria | |
| Pazos | | Dani | |

**"LAS NUMEROSAS FALTAS CONDICIONARON UN PARTIDO EN EL QUE NO JUGAMOS EL BALONCESTO QUE QUERÍAMOS"**
ÁNGEL RIOBÓO - Estudiantes

Estudiantes Leyma perdeu o seu primeiro encontro na Liga Galega infantil tras ceder en Santiago ante Rosalía, nun partido marcado pola acumulación de faltas persoais das lucenses no segundo e terceiro parcial.

Ata entón as forzas estiveron igualadas os primeiros dez minutos, nos que ata Estudiantes tomou o mando do marcador, 9-14. Pero no segundo cuarto as rotacións obrigadas polas faltas propiciaron quintetos descompensados en moitas posicións e as compostelás aproveitárono para remontar e despegar no marcador con 20-9 e 17-8 no segundo e terceiro parciais cos que sentenciaron o partido.


A celeste Aroa nun encontro xogado no Anexo

# Maristas foi de menos a máis ata impoñerse por primeira vez en Narón

**OS DE RUBÉN ENGROBA,** con Julián imparable en ataque -38 puntos- e Néstor como bastón defensivo, tombaron a Montrove


Samuel Viño desbordando a un defensa no Anexo

| MONTROVE 70 Xogador | | MARISTAS 77 Xogador | PTS. |
|---|---|---|---|
| Barbeito B. | | Mauro | 4 |
| Vilariño | | Alexis | |
| Gómez | | Yishak | 5 |
| Boo | | Julián | 38 |
| Calvo | | Gabriel | 4 |
| Baleato | | Jorge | 4 |
| Fernández | | Samuel | 16 |
| Gil | | Néstor | 7 |
| Babeito A. | | David | 3 |
| | | Miguel | |

**"CONSEGUIMOS SACAR EL PARTIDO EN UNA PISTA EN LA QUE NO HABÍAMOS CONSEGUIDO GANAR NUNCA"**
RUBÉN ENGROBA - Maristas

Maristas segue derrubando barreiras en Galicia e esta pasada xornada asaltaron unha pista na que nunca gañaran.

Montrove esperaba aos lucenses co seu mellor xogador, Aarón, pero este foi eclipsado no tramo final por Néstor, ainda en idade mini, pero que secou a un dos mellores xogadores da Liga na recta final, mentres que en ataque Julián foi imparable unha vez máis durante moitos momentos.

A posta en escena foi moi discreta, dando facilidades en defensa e espesos en ataque para que Julián non tivese dous para un seguido. Tras encaixar tres triplos, Rubén Engroba pediu un tempo morto co que enderezou o rumbo do seu equipo pechando o primeiro parcial con 19-17. No segundo mantívose a liña ascendente, con moita máis fluidez ofensiva e seguridade atrás para darlle a volta ao marcador cun parcial de 15-23.

O guión dos primeiros minutos de partido repetiuse ao comezo da segunda parte, na que Montrove agarrouse ao encontro da man de Aarón ata que Rubén Engroba puxo a Néstor a defendelo. O base lucense secouno e en ataque o cinco para cinco foi fluído, mentes que Julián e David, con senllos triplos, puxeron fin á resistencia local.

# A moeda caeu cara para Betanzos

**ESTUDIANTES PERDEU** nun partido igualado que se decidiu ao final

| BETANZOS 80 Xogador | PTS. | ESTUDIANTES 77 Xogador | PTS. |
|---|---|---|---|
| González | | Brais | 17 |
| Allende | | Santi | 20 |
| Agraso | | Mateo | |
| López | | Isma | 4 |
| Roel | | Dani | 3 |
| Medrano | | Pablo | |
| Gómez | | Leo | 3 |
| García | | Bernal | |
| Otero | | Rozas | 3 |
| Gende | | Serguei | 27 |
| Lameiro | | Mario | |

**"ESPERO QUE ESTA DERROTA NOS AYUDE EN EL FUTURO, Y SOBRE TODO PARA SEGUIR TRABAJANDO PARA MEJORAR"** NICO FDEZ. - Estudiantes


Nico Fernández dando instruccións a Rozas e Mateo

Estudiantes Leyma perdeu o seu primeiro encontro da tempada na Liga Galega infantil masculina. Os de Nico Fernández disputaron un partido de poder a poder con Betanzos no que a fortuna estivo de cara para os locais no sprint final do encontro.

Ata entón o partido empezou con máxima igualdade, 18-17 no primeiro cuarto. Estudiantes deu un paso á fronte no segundo parcial e chegou ao descanso con vantaxe, 32-37, mantendo un bo nivel ao comezo da segunda parte na que Betanzos agarrouse ao partido con uñas e dentes nos momentos nos que parecía que Estudiantes se distanciaba.

O terceiro cuarto terminou con 20-21, polo que Estudiantes chegou aos últimos dez minutos con máis 6 no electrónico, pero Betanzos recortou distancias e chegouse ao final do encontro con opcións de vitoria para ambos equipos.

No desenlace final Estudiantes estivo menos fiable do normal en defensa e terminou cedendo cun último parcial de 27-19 que deixou o marcador no definitivo 80-77.

**4**

**EQUIPOS** están empatados na segunda posición con dúas vitorias e unha derrota. Estudiantes, Betanzos, Narón e Maristas

**Próxima xornada**

Tralo parón da próxima fin de semana, Estudiantes recibirá na cuarta xornada da Liga Galega infantil masculina a Baloncesto Narón coa intención de volver á senda da vitoria.



Daniela a piques de facer un pase entre dúas rivais



A celeste Clara presionada por unha xogadora herculina



Lucía correndo unha acción de contraataque

# A defensa celeste foi de 10

**ESTUDIANTES LEYMA** deixou a Esclavas en tan só catro puntos ata o peche do marcador no último cuarto do encontro da Liga Galega preinfantil feminina disputado no Anexo



Lola coa pelota nunha acción de ataque estudiantil

| ESTUDIANTES 55 Xogadora | PTS. | ESCLAVAS 04 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Carlota | | Becerra | |
| Nerea | | Pais | |
| Lucía | | Alcota | |
| Marina | | García | |
| Eva | | Otero | |
| Valle | | Martínez | |
| Lola | | Fernández | |
| Daniela | | Louro | |
| Alma | | Fernández | |
| Clara | | Sáenz | |
| Iria | | Ares | |

Estudiantes segue con paso moi firme na Liga Galega preinfantil feminina, na que suma por vitorias os dous encontros disputados, o último ante Esclavas da Coruña, conxunto ao que deixaron en tan só catro puntos nunha exhibición de intensidade defensiva.

As lucenses marcaron un ritmo imposible de seguir polo seu rival desde o primeiros minuto, pechando o primeiro parcial con 27-2.

No segundo non encaixaron puntos e tan só outros dous tralo descanso antes de que se pechase o marcador no Anexo por KO.

Estudiantes visita na próxima xornada a Basquet Coruña, que aprazou o derbi ante Rosales desta xornada pero que suma unha vitoria no seu único partido.

**"SEGUIMOS TRABAJANDO Y MEJORANDO POCO A POCO, ESE ES EL CAMINO"**

ZAIDA IGLESIAS - Estudiantes

## CLASIFICACIÓNS PREINFANTIL

### PRE-INFANTIL FEM. NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Coruña – Los Rosales | --- |
| Estudiantes – Esclavas | 55-4 |
| Burela – Baxi Ferrol | 69-55 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **2** | **2** | **0** | **0** | **104** | **40** |
| BASQUET CORUÑA | 1 | 1 | 0 | 0 | 56 | 6 |
| COSTA ARTABRA | 1 | 1 | 0 | 0 | 73 | 23 |
| **BURELA** | **1** | **1** | **0** | **0** | **69** | **55** |
| BAXI FERROL | 2 | 0 | 2 | 0 | 91 | 118 |
| ESCLAVAS | 2 | 0 | 2 | 0 | 10 | 111 |
| BV LOS ROSALES | 1 | 0 | 1 | 0 | 23 | 73 |

PRÓXIMA XORNADA

Baxi Ferrol - C. Artabra

Esclavas - Burela

B. Coruña - Estudiantes

### PRE-INFANTIL MASC. NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Ferrol – Maristas C. | 63-12 |
| Celtas Foz – Tirso Molina | 40-81 |
| Estudiantes – Culleredo | 46-54 |
| C. Artabra – B. Coruña | 76-64 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BASQUET CORUÑA | 2 | 2 | 0 | 0 | 143 | 100 |
| TIRSO DE MOLINA | 2 | 2 | 0 | 0 | 136 | 99 |
| BASKET FERROL | 2 | 1 | 1 | 0 | 123 | 74 |
| KFC CULLEREDO | 2 | 1 | 1 | 0 | 128 | 155 |
| **CELTAS FOZ** | **2** | **1** | **1** | **0** | **137** | **106** |
| **ESTUDIANTES** | **2** | **1** | **1** | **0** | **121** | **107** |
| COSTA ARTABRA | 2 | 0 | 2 | 0 | 93 | 163 |
| MARISTAS CORUÑA | 2 | 0 | 2 | 0 | 43 | 120 |

PRÓXIMA XORNADA

Culleredo - Tirso Molina

B. Coruña - Celtas Foz

Maristas Coruña - C. Artabra

Estudiantes - B. Ferrol

# A defensa zonal de Tirso de Molina foi decisiva

**O CELTAS DE FOZ** perdeu ante un rival con plantexamentos pouco habituais nesta categoría

| CELTAS FOZ 46 Xogador | PTS. | T. MOLINA 54 Xogador | PTS. |
|---|---|---|---|
| Álvaro | 16 | Aguirre | |
| Alonso | | Taboada | |
| Chris | | Blanco | |
| Nico | 14 | Iglesias | |
| Darío | 2 | Pereira | |
| Lucas | 13 | Rodríguez | |
| Mario | 14 | Gómez | |
| Javi | 16 | Souto | |
| | | Carneiro | |
| | | Fernández | |

Celtas de Foz encaixou a súa primeira derrota na Liga Galega preinfantil ante un Tirso de Molina que sorprendeu aos mariñaos cunha defensa zonal moi pouco habitual nestas categorías, pero que os visitantes mantiveron practicamente durante todos os minutos de xogo.

En defensa Tirso de Molina baseou o seu xogo en zona e en ataque cun bloqueo directo para que o seu mellor xogador anotase con facilidade. Deste xeito levaron o peso do partido e o mando no marcador con parciais de 13-16 e 8-14 na primeira parte.

Tralo descanso os de Armando recortaron distancias coincidindo cos tres únicos minutos que Tirso de Molina variou o sistema defensivo. Celtas chegou a poñerse a dous puntos cunha gran posta en escena que cortaron os visitantes, de novo coa súa defensa zonal.

**"SU ZONA Y SU BLOQUEO DIRECTO FUERON SUFICIENTES PARA QUE SE LLEVARAN EL PARTIDO"**

ARMANDO - Celtas Foz

**Próxima xornada**

Celtas de Foz medirase con Basquet Coruña a domicilio. Os herculinos son líderes con pleno de vitorias nas dúas primeiras xornadas da Liga Galega preinfantil.

# Partido intermitente do Estudiantes en Culleredo

**OS CELESTES XOGARON A TIRÓNS** e quedaron ás portas da remontada no treito final

| CULLEREDO 76 Xogador | PTS. | ESTUDIANTES 64 Xogador | PTS. |
|---|---|---|---|
| López S. | | Eloy | 7 |
| Quintela | | Bosco | 9 |
| Rodriguez | | Pablo | |
| Noceda | | Diego | |
| Roldan | | Martín | 8 |
| Camino | | Lucas | 3 |
| García | | Manu | 4 |
| Oxinalde | | Iverson | |
| Martínez | | Varela | 6 |
| Iglesias | | Samu | 27 |
| Fernandez | | | |
| Blanco | | | |

Partido moi intermitente o disputado polo Estudiantes en Culleredo. Os dous equipos empezaron con moita intensidade e pecharon o primeiro parcial, 24-18. As defensas melloraron no segundo deixando menos espazos para os un para un e chegando ao descanso con 35-27.

Na segunda parte Estudiantes xogou a tiróns e cada vez que se aproximaba no marcador relaxábase, e Culleredo mantivo a renda ata o final.

**"SI DEJAS DE TRABAJAR NO LLEGAS A TU META"**

PABLO RODRÍGUEZ - Estudiantes



O celeste Martín a piques de lanzar un tiro libre

# Vitoria para comezar o novo curso do Academia

**O CONXUNTO DE CARLOS MADAR** dominou o encontro ante Baxi Ferrol con moita solvencia

| CB BURELA 69 Xogadora | PTS. | B. FERROL 55 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Henar | 24 | Ferreira | |
| Candela | 37 | Abad | |
| Sara | 2 | Lata | |
| Lucía | 2 | Díaz | |
| Marta | 2 | Silvent | |
| Irea | 2 | García | |
| Aroa | | López | |
| Nerea | | Somorrostro | |
| Lucía Ms. | | Fernández | |
| Paula | | Padín | |

O debut do Academia A Mariña Burela na Liga Galega preinfantil fíxose de rogar, pero cando chegou fíxoo ao grande tras asinar as mariñás un partido moi completo ante Baxi Ferrol no Pabellón Municipal de Vista Alegre.

Os primeiros minutos foron un pouco de tenteo, sendo estes os máis igualados do encontro, pero o primeiro cuarto xa finalizou cunha renda de máis 8 para Burela co 17-9 que reflectía o marcador.

Os mellores minutos das mariñás chegaron no segundo cuarto, cun bo baloncesto no que exhibiron unha gran circulación de balón para anotar liberadas e en posicións fáciles de tiro, continuando a mesma dinámica tralo descanso para terminar o terceiro cuarto con 58-27 no marcador.

Con todo visto para sentenza o Academia A Mariña Burela tomouse un ata merecido relax de cara aos últimos dez minutos, nos que as ferrolás puideron maquillar a diferenza final cun último parcial de 11-28 para completar o definitivo 69-55.

Burela viaxará a Coruña a próxima xornada para medirse con Esclavas, que perdeu os dous partidos disputados na Liga Galega preinfantil.

**"EN GENERAL, LA ACTITUD DE TODAS LAS JUGADORAS HA SIDO MUY BUENA A LO LARGO DEL ENCUENTRO"**

CARLOS MADAR - CB Burela


Noa correndo un contraataque


Aroa a piques de rematar unha xogada


Guille entre dous xogadores de Narón


O xogador estudiantil, Nayo McCarthy


A xogadora celeste Nerea en defensa


Sara buscando cortar un pase


Teo a piques de superar o un para un


Javi Cerqueiro entrando na pintura


Mariña presionando a unha rival


Candela botando a pelota no Anexo


María corre unha acción de contraataque


Andrés ante un xogador ferrolán

# Estudiantes lócese dende o minuto un

**BO XOGO** de todas as xogadoras celestes

| ESTUDIANTES 61 Xogadora | PTS. | FERROL 11 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Carlota | | Abad | |
| Sarai | | Fernández | |
| Nerea | | Villares | |
| Noa Espino | | Morandeira | |
| Carmen | | García | |
| Marina | | González | |
| Claudia R. | | Santiago | |
| Valle | | Arias | |
| Claudia L. | | Galdo | |
| Carla | | Cons | |
| Noa López | | García | |

**"ESTOY MUY CONTENTA CON EL TRABAJO DE TODAS MIS JUGADORAS, AHORA HAY QUE SEGUIR TRABAJANDO"**

**ZAIDA IGLESIAS** - Estudiantes

Estudiantes mini feminino demostrou que tiña ganas de baloncesto e de empezar a tempada. O conxunto que dirixe Zaida Iglesias fixo os deberes antes do inicio de curso e xa no primeiro encontro puxo o listón moi alto para todos os seus rivais.

Estudiantes brillou en ataque, cunha moi boa lectura do xogo en rápidas transicións pero tamén con boa circulación de balón en estático. O nivel defensivo foi moi bo tamén e secaron a un Baxi Ferrol que tan só puido anotar 11 puntos antes de pecharse o marcador no Anexo.

# Debut ao grande do Ensino Lugo

**O CUARTO PARCIAL** foi o despegue lucense

| ENSINO 52 Xogadora | PTS. | PONTUMIO 26 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Marina | 2 | Baldonedo | |
| Candela D. | 15 | Campo | |
| Candela B. | 7 | Palo | |
| Sara | 2 | Porto | |
| Celtia | | Brañas | |
| Carmen | | Rey | |
| Aroa | 8 | Fernández | |
| Aurora | | Vázquez | |
| Alicia | 5 | A. Mouriño | |
| Antía | 12 | Z. Mouriño | |

**"ESTE FUE UN PARTIDO PARA APRENDER Y EN EL QUE PUDIMOS DISFRUTAR"**

**AIGOR ROMO** - Ensino Lugo

O Ensino debutou na Liga Galega alevín feminina pola porta grande. O conxunto lucense, que non competiu no ano da creación desta competición, entrou en escea esta tempada pola porta grande tras impoñerse con autoridade a Pontumio.

Os nervios dos primeiros encontros fixeron acto de presenza no Anexo e as visitantes tomaron o mando cun parcial inicial de 6-8 mentres que no segundo a defensa lucense deu un paso á fronte e deixou a Pontumio en cero puntos, igual que no cuarto parcial, cun 16-0 co que sentenciaron o partido.

## 2

**EQUIPOS LUCENSES** na Liga Galega alevín feminina. A Estudiantes únese esta tempada o Ensino Lugo

**MINIBASKET 1º FEM. NORTE A**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ensino Lugo – Pontumio | 52–26 |
| Estudiantes – Baxi Ferrol | 61–11 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | 1 | 1 | 0 | 0 | 61 | 11 |
| **ENSINO LUGO** | 1 | 1 | 0 | 0 | 52 | 26 |
| COSTA ARTABRA | 1 | 1 | 0 | 0 | 95 | 48 |
| BAXI FERROL | 2 | 0 | 2 | 0 | 59 | 156 |
| PONTUMIO | 1 | 0 | 1 | 0 | 26 | 52 |

PRÓXIMA XORNADA

Baxi Ferrol – Ensino Lugo

C. Artabra – Estudiantes

## 20

**PUNTOS DO MARIÑAO MARTÍN** para o Ría de Ribadeo na visita do seu equipo a Ferrol

**MINIBASKET 1º MASC. NORTE A**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Estudiantes – B. Ferrol | 57–68 |
| Maristas Lugo – Narón | 88–38 |
| C. Artabra – Ribadeo | 73–70 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **MARISTAS LUGO** | 2 | 2 | 0 | 0 | 182 | 89 |
| COSTA ARTABRA | 2 | 1 | 1 | 0 | 137 | 139 |
| BASKET FERROL | 2 | 1 | 1 | 0 | 119 | 151 |
| NARÓN | 2 | 1 | 1 | 0 | 107 | 152 |
| **CB RÍA DE RIBADEO** | 2 | 1 | 1 | 0 | 152 | 144 |
| **ESTUDIANTES** | 2 | 0 | 2 | 0 | 128 | 150 |

PRÓXIMA XORNADA

Narón – Ria Ribadeo

B. Ferrol – C. Artabra

Maristas Lugo – Estudiantes

# Maristas, líder en solitario da Liga Galega

**2ª VITORIA** noutros tantos encontros

| MARISTAS 88 Xogador | PTS. | NARÓN 38 Xogador | PTS. |
|---|---|---|---|
| Juan A. | | A. López | |
| David | | I. Fuertes | |
| Juan G. | | Cumbraos | |
| Nadia | | H. Pita | |
| Maria C. | | M. Meizoso | |
| Jorge | | P. Coira | |
| Carlos | | González | |
| Javi | | I. Díaz | |
| Néstor | | S. Romero | |
| Guille | | A. Vidal | |
| Teo | | G. Miu | |
| Mesfin | | | |

**"BUEN PARTIDO DE LOS DOCE JUGADORES, APORTANDO TANTO EN ATAQUE COMO EN DEFENSA"**

**ÓSCAR ENGROBA** - Maristas

Pese a que tan só se disputaron dúas xornadas na Liga Galega alevín masculina, tan só Maristas Lugo conta por vitorias os seus encontros. Os de Rubén Engroba debutaron como locais impoñéndose a un Narón que defende moi pechado, practicamente en zona, pero Néstor guiou unha vez máis o xogo coral dos lucenses.

Maristas, con bo baloncesto, tomou o mando do marcador na primeira parte e na segunda exhibiu o fondo de armario co que contan esta tempada para ir ampliando a vantaxe ata gañar por KO.

# Ribadeo caeu na ruleta rusa en Ferrol

**ALTERNATIVAS** tanto no xogo coma no marcador

| C. ÁRTABRA 73 Xogador | PTS. | RIBADEO 70 Xogador | PTS. |
|---|---|---|---|
| Coria | | Simón | |
| Fernández | | Héctor | 2 |
| Tallón | | Ero | |
| Franco | | Iván | 3 |
| Blanco | | Martín | 20 |
| Mella | | Dani | |
| García | | Alejandro | 26 |
| Rey | | Alexandre | |
| Gómez | | Guille | 3 |
| Lage | | Juan | 12 |
| | | Hugo | 4 |

**"LUCHAMOS HASTA EL FINAL EN UN PARTIDO QUE PUDO CAER DE CUALQUIER LADO"**

**SAMA** - Ría de Ribadeo

A primeira derrota para o Ría de Ribadeo chegou nun partido con moitas alternancias tanto no xogo como no marcador e que se decidiu nos últimos minutos.

Nos catro primeiros parciais Ribadeo alternou momentos de bo xogo con lagoas en ataque e en defensa, custándolles realizar bos balances defensivos, polo que o marcador foise ata o 55-41 a falta de dous parciais.

Lonxe de deixarse levar, Ribadeo tirou de orgullo e bo baloncesto para chegar ata a poñerse por diante, pero cedendo no cara ou cruz dos minutos finais pese a asinar un parcial de 18-29 nos dous últimos periodos.

# Diego Niebla desnivelou o encontro

**20 PUNTOS** do ferrolán ante Estudiantes Leyma

| ESTUDIANTES 57 Xogador | PTS. | FERROL 68 Xogador | PTS. |
|---|---|---|---|
| Rubén | | Taboada | |
| Pablo | | Lamigueiro | |
| Javi Maneiro | | J. Niebla | |
| Javi Cerqueiro | | A. Lata | |
| Nayo | | Cordeiro | |
| Nico | | Somorrostro | |
| Andrés | | Pita | |
| Hugo | | Barcia | |
| Jacobo | | A. Lata | |
| Lucas | | | |
| Olmo | | | |

**"TENEMOS QUE TRABAJAR UN MONTÓN PARA PODER COMPETIR MEJOR EN ESTE TIPO DE PARTIDOS"**

**JAVI PEINÓ** - Estudiantes

A superioridade física de Basket Ferrol, ademais da achega ofensiva do seu mellor xogador, Diego Niebla, que terminou con 40 puntos o encontro, propiciaron a segunda derrota de Estudiantes na Liga Galega alevín.

A igualdade foi a tónica dominante na primeira parte ata con vantaxes para Estudiantes con bos momentos de baloncesto, pero na segunda parte os centímetros de Narón e a defensa pechada visitante fixeron que Estudiantes recorrese demasiado ao tiro exterior, tendo baixas porcentaxes para poder competir no marcador ata o final.

# CB Sarria, primeiro líder trala disputa da xornada inaugural

**SETE EQUIPOS LUCENSES** loitarán xunto a catro da comarca de Ferrol por unha das primeiras prazas que outorgarán un billete para a disputa da segunda fase da competición

**INFANTIL 2º DIV. FEMININO 01**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ensino Galén – Stos. Sarria | 6-57 |
| Pontumio – CB Viveiro | 54-4 |
| Cidade – Franciscanos | 53-39 |
| Ensino 06 – BBCA | 83-46 |
| B. Ferrol S – B. Ferrol R | 66-34 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| STOS. C.B. SARRIA | 1 | 1 | 0 | 0 | 57 | 6 |
| PONTUMIO | 1 | 1 | 0 | 0 | 54 | 4 |
| ENSINO LUGO 06 | 1 | 1 | 0 | 0 | 83 | 46 |
| BAXI FERROL S | 1 | 1 | 0 | 0 | 66 | 34 |
| CIDADE DE LUGO | 1 | 1 | 0 | 0 | 53 | 39 |
| FRANCISCANOS | 1 | 0 | 1 | 0 | 39 | 53 |
| BAXI FERROL R | 1 | 0 | 1 | 0 | 34 | 66 |
| KFC BBCA | 1 | 0 | 1 | 0 | 46 | 83 |
| CB VIVEIRO | 1 | 0 | 1 | 0 | 4 | 54 |
| ENSINO GALÉN | 1 | 0 | 1 | 0 | 6 | 57 |
| AGRASAR SARRIA | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |

PRÓXIMA XORNADA

Baxi Ferrol R - Ensino Galén
BBCA - Baxi Ferrol S
Franciscanos - Ensino 06
CB Viveiro - Cidade Lugo
Stos. Sarria - Agrasar Sarria

A andaina dos conxuntos infantiís femininos na competición provincial deu comezo esta fin de semana coa disputa dos cinco encontros programados para a data, e en catro deles competiron equipos lucenses.

O primeiro líder é o CB Sarria, que se impuxo a Ensino Galén por 6-57 nun encontro sen moita historia que dende o inicio dominou o conxunto sarriao, pechando o marcador antes do descanso.

Carferlo Viveiro sufriu a primeira derrota na competición ante Pontumio por 54-4, e na próxima xornada o conxunto mariñao buscará inaugurar a conta de triunfos ante Cidade de Lugo. O conxunto capitalino impúxose no encontro máis igualado da xornada a Franciscanos por 53-39. Mentres que no partido que media a Ensino 06 fronte a KFC BBCA as lucenses leváronse a vitoria por 83-46.

A próxima fin de semana debutará na competición Castro Agrasar CB Sarria, que descansou na xornada inaugural e se medirá a Saneamientos nun derbi no Novo Chanto.

**22**

**XORNADAS** A competición infantil feminina extenderase ata finais do mes de abril, cando rematará esta primeira fase a dobre volta



Aroa, do Ensino 06, coa pelota no encontro ante BBCA



Donar Rivas dando instruccións ás súas xogadoras



A ensinista Idaira nunha acción de ataque no Anexo

**INFANTIL 2º DIV. MASCULINO 01**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Estudiantes – Sagrado | 9-60 |
| Ensino Galén – Cidade Lugo | 10-61 |
| Burela – Franciscanos | 68-71 |
| IF Sarria – MGR Sarria | 54-25 |
| Ría Ribadeo – CB Viveiro | 70-20 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CIDADE DE LUGO | 2 | 2 | 0 | 0 | 113 | 30 |
| IF C.B. SARRIA | 2 | 2 | 0 | 0 | 119 | 46 |
| CB RÍA RIBADEO | 2 | 2 | 0 | 0 | 122 | 58 |
| FRANCISCANOS | 2 | 2 | 0 | 0 | 131 | 78 |
| BURELA | 2 | 1 | 1 | 0 | 139 | 92 |
| A. X. SAGRADO | 2 | 1 | 1 | 0 | 98 | 61 |
| MGR C.B. SARRIA | 2 | 0 | 2 | 0 | 46 | 125 |
| ESTUDIANTES | 2 | 0 | 2 | 0 | 29 | 112 |
| CB VIVEIRO | 2 | 0 | 2 | 0 | 41 | 135 |
| ENSINO GALÉN | 2 | 0 | 2 | 0 | 20 | 121 |

PRÓXIMA XORNADA

Sagrado - CB Viveiro
MGR Sarria - Ria Ribadeo
Franciscanos - If Sarria
Cidade - Burela
Estudiantes - Ensino Galén

**50**

**PUNTOS** En tres encontros desta xornada pechouse o marcador tras chegarse á diferenza de 50 puntos. Isto deixa claro que os obxectivos dos equipos son diferentes de cara á temporada

**4**

**EQUIPOS** mantéñense invictos trala disputa das dúas primeiras xornadas. Cidade de Lugo, Podología CB Sarria, CB Ría de Ribadeo e Franciscanos



O ribadense Lucas co balón por diante de Carlos

## Triunfo de Franciscanos no partido máis igualado

**OS COLEXIAIS** gañaron a CB Burela, 68-71, nun encontro de case dúas horas de duración e suman dous triunfos noutros tantos encontros

Trala disputa da segunda xornada confírmanse os diferentes obxectivos dos dez equipos. Uns loitarán por estar no máis alto, mentres que outros tratarán de mellorar o máximo posible, tanto colectiva como individualmente, ao longo de toda a temporada.

Cidade de Lugo, que lidera a clasificación, impúxose a Ensino Galén nun encontro condicionado pola diferenza física que quedou practicamente visto para sentenza xa no primeiro cuarto co 3-22 co que finalizaron os primeiros 10 minutos. O marcador pechouse no terceiro cuarto.

Algo similar ocurriu no encontro entre Estudiantes e Sagrado Corazón, que finalizou cun resultado de 9-60. O derbi entre conxuntos sarriaos rematou con triunfo para Podología CB Sarria por 54-25, mentres que no derbi mariñao entre CB Ribadeo e CB Viveiro, os de Jose Vázquez sumaron o segundo triunfo ao impoñerse 70-20. O alto ritmo de xogo dende o inicio de encontro pronto deu as primeiras vantaxes aos ribadenses, que deixaron o partido practicamente visto para sentenza ao descanso co 38-11 que reflectía o electrónico.

No encontro máis igualado da xornada Franciscanos levouse o triunfo ante Academia A Mariña por tres puntos, 68-71. Un partido de case dúas horas de duración que se decidiu nos instantes finais, cun gran acerto por parte do conxunto mariñao e de un enorme desgaste defensivo dos rapaces de Franciscanos.

Os colexiais sufriron para aguantar o ritmo de partido dadas as baixas coas que chegaban ao encontro, pero pese a chegar a ir oito abaixo no marcador, loitaron ata o final para rematar levándose o encontro.



Os dous conxuntos de CB Sarria xogaron esta fin de semana o derbi no Novo Chanto

# Ensino Lugo, líder invicto xunto a Estudiantes e Pontumio


Carolina botando a pelota defendida por Pilar

## OS TRES EQUIPOS ESTÁN NO MÁIS ALTO e son os únicos que contan por vitorias os seus dous encontros na competición

**CADETE 2º DIV. FEMININO**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Baxi Ferrol – Ensino Galén | 63-13 |
| Franciscanos – Ensino Lugo | 43-68 |
| CB Viveiro – Tirso Molina | 50-61 |
| Burela – Pontumio | 49-58 |
| Lourenzá – Estudiantes | 35-63 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ENSINO LUGO | 2 | 2 | 0 | 0 | 141 | 85 |
| ESTUDIANTES | 2 | 2 | 0 | 0 | 126 | 89 |
| PONTUMIO | 2 | 2 | 0 | 0 | 114 | 96 |
| TIRSO DE MOLINA | 2 | 1 | 1 | 0 | 100 | 96 |
| LOURENZÁ | 2 | 1 | 1 | 0 | 94 | 91 |
| FRANCISCANOS | 2 | 1 | 1 | 0 | 89 | 107 |
| BAXI FERROL | 1 | 1 | 0 | 0 | 63 | 13 |
| BURELA | 2 | 0 | 2 | 0 | 103 | 121 |
| CB VIVEIRO | 2 | 0 | 2 | 0 | 97 | 117 |
| ENSINO GALEN | 2 | 0 | 2 | 0 | 41 | 122 |
| KFC BBCA | 1 | 0 | 1 | 0 | 42 | 72 |

PRÓXIMA XORNADA

Ensino Galén - Estudiantes
Pontumio - Lourenzá
Tirso Molina - Burela
Ensino Lugo - CB Viveiro
Baxi Ferrol - BBCA

Cinco encontros disputáronse ao longo da fin de semana na competición cadete feminina de segunda división, neles houbo dous enfrontamentos directos entre equipos da Provincia que se saldaron con triunfos dos equipos que ocupan os dous primeiros postos da táboa clasificatoria, Ensino e Estudiantes.

As celestes impuxéronse a Elematic Lourenzá por 35-63, mentres que as de Aigor Romo leváronse o triunfo contra Franciscanos por 43-68. Ambos conxuntos contan por vitorias os dous encontros disputados ata a data, o mesmo que Pontumio, que se impuxo a Academia A Mariña Burela nun encontro moi difícil de competir para as mariñás, pese a que comezou con igualdade finalizando o primeiro cuarto 10-11. As de Nacho Mota acusaron moitas perdas de balón e o conxunto rival aproveitou para converter en canastra as xogadas ao contraataque.

Derrota tamén para CB Viveiro contra Tirso de Molina, e de Ensino Galén contra Baxi Ferrol.

As viveirenses teñen o reto á próxima xornada de estrear a conta de vitorias contra Ensino Lugo, mentres que Galén terá a difícil tarefa de facelo contra Estudiantes.

Lourenzá viaxará a Pontedeume para enfrontarse a Pontumio, mentres que o Academia A Mariña CB Burela xogará a domicilio contra Tirso de Molina.


Alba Yu, Franciscanos, coa pelota entre Carolina e Carla


Celia trata de darlle saída ao balón de costas a Ari


Maria protenxendo o balón presionada por Daniella e Ari

# Debut con triunfo do Sagrado Corazón nun apertado derbi capitalino no Anexo


Miguel coa pelota defendido por Javi, do Sagrado

## OS DE RUBÉN ENGROBA impuxéronse por 68-65 a Ensino 05 no encontro máis axustado da xornada na categoría cadete masculina

O derbi da xornada disputado o pasado venres foi o encontro máis igualado dos tres que se xogaron na competición. Nel, Sagrado Corazón sumou a primeira vitoria na súa estrea tras impoñerse por 68-65 a Ensino 05 logo dun encontro que se decidiu nos minutos finais, tendo Ensino incluso unha posesión para empatar.

Oral Design tamén sumou o seu primeiro triunfo tras gañar no Novo Chanto a Estudiantes 04. Os de Adrián López realizaron un encontro moi completo en todas as facetas do xogo e foron os claros dominadores de principio a fin. Tras dous primeiros cuartos moi similares conseguiron deixar o encontro practicamente visto para sentenza co 42-10 ao descanso. Na segunda metade, pese a baixar un pouco o ritmo de xogo, o triunfo non perigou en ningún momento e pechouse o encontro co 94-35 final.

No terceiro e último encontro da xornada, Ensino 04, líder invicto da competición, sumou o segundo triunfo consecutivo ante Celtas Foz cun 54-70 no marcador final.

A vindeira fin de semana estrearase na competición Estudiantes 05, que se medirá a Ensino 05. Celtas recibirá ao Sagrado Corazón mentres que o líder, Ensino 04, xogará contra Estudiantes 04.

**CADETE 2º DIV. MASCULINO 02**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Celtas Foz – Ensino 04 | 54-70 |
| Sagrado – Ensino 05 | 68-65 |
| Design Sarria – Est. 04 | 94-35 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ENSINO LUGO 04 | 2 | 2 | 0 | 0 | 144 | 118 |
| DESIGN C.B. SARRIA | 2 | 1 | 1 | 0 | 158 | 109 |
| ENSINO LUGO 05 | 2 | 1 | 1 | 0 | 134 | 118 |
| SAGRADO | 1 | 1 | 0 | 0 | 68 | 65 |
| CB CELTAS FOZ | 2 | 0 | 2 | 0 | 104 | 139 |
| ESTUDIANTES 04 | 1 | 0 | 1 | 0 | 35 | 94 |
| ESTUDIANTES 05 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |

PRÓXIMA XORNADA

Ensino 04 - Estudiantes 04
Ensino 05 - Estudiantes 05
Celtas Foz - Sagrado


O ensinista Álvaro trata de superar a presión de Juan


Pablo presionado polo xogador ensinista Miguel

# Baxi Ferrol resiste o asedio lucense

**AS FERROLÁS** suman tres triunfos noutros tantos encontros. Estudiantes buscará romper a súa imbatibilidade a próxima xornada


Candela, CB Sarria, presionada por Catuxa

**JÚNIOR 2º DIV. FEMININO A2**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Terra Chá – Estudiantes | --- |
| Baxi Ferrol – Ría Ribadeo | 53-30 |
| Ensino Lugo – CB Sarria | 90-26 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BAXI FERROL | 3 | 3 | 0 | 0 | 206 | 122 |
| ENSINO LUGO | 3 | 2 | 1 | 0 | 206 | 116 |
| CB RÍA DE RIBADEO | 2 | 1 | 1 | 0 | 107 | 77 |
| C.B. SARRIA | 3 | 0 | 3 | 0 | 113 | 263 |
| ESTUDIANTES | 1 | 1 | 0 | 0 | 78 | 47 |
| CB TERRA CHA | 2 | 0 | 2 | 0 | 56 | 141 |

PRÓXIMA XORNADA

Terra Cha - CB Sarria

Ria Ribadeo - Ensino Lugo

Estudiantes - Baxi Ferrol

O Baxi ferrolán compite nesta liga con cinco equipos lucenses e ata o momento, nas tres xornadas disputadas, ningún conseguiu romper a súa imbatibilidade. Na próxima Estudiantes -tamén invicto, pero cun partido menos- terá a súa oportunidade no Anexo.

As celestes conseguiron esta fin de semana a segunda vitoria fronte a Terra Chá, e volverán á competición o día oito de novembro coa disputa do partido aprazado no seu momento contra Ría de Ribadeo.

As mariñás caeron esta fin de semana ante Baxi en Ferrol. Pese a que comezaron o partido enchufadas cun parcial de 0-10, logo dun tempo morto o guión do encontro cambiou en parte grazas á permisividade arbitral na defensa sobre Aldara, o que imposibilitou que CB Ribadeo realizara o seu xogo.

Ribadeo foise do encontro pese a intentar por tódolos medios reengancharse de novo, e Baxi Ferrol foi pouco a pouco aumentando a vantaxe ata o 53-30 final.


A sarriá Rut busca cortar un pase de Lucía

No derbi provincial da xornada, Ensino Lugo sumou o seu segundo triunfo consecutivo contra María Teresa Martínez Dental CB Sarria. As de Aigor Romo marcaron o ritmo de xogo dende o inicio grazas á súa presión a toda a pista cun primeiro parcial de 20-3, a partir de aí xogaron moi cómodas e o 53-8 ao descanso deixaba o encontro visto para sentenza de cara á segunda metade, que rematou co definitivo 90-26.


Sofía seguida no contraataque pola ensinista Marta


Noa nunha acción de ataque ante Lucía

# Hierros e Ribadeo fanse cos triunfos nesta xornada

**OS MARIÑAOS** estrearon a conta de vitorias, mentres que os vixentes campións debutaron na competición gañando a Ensino Lugo


Sixto, Ensino, coa pelota de costas a Martín


Julián, Hierros, encarando a Sebas nun un para un


Pedro protexe a posesión presionado por Julián e Adrián


Pedro nunha acción de ataque ante a chegada de Julián

**JÚNIOR 2º DIV. MASCULINO**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Hierros Ferreiro – Ensino | 79-46 |
| IMG Sarria – Ría Ribadeo | 29-105 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CB RÍA DE RIBADEO | 2 | 1 | 1 | 0 | 164 | 96 |
| MGR C.B. SARRIA | 2 | 1 | 1 | 0 | 81 | 155 |
| HIERROS FERREIRO | 1 | 1 | 0 | 0 | 79 | 46 |
| CF VIVEIRO | 1 | 1 | 0 | 0 | 67 | 59 |
| ENSINO LUGO | 2 | 0 | 2 | 0 | 96 | 131 |

PRÓXIMA XORNADA

Hierros Ferreiro - CB Viveiro

Ria Ribadeo - Ensino Lugo

Os de Óscar Engroba comezaron a súa andaina na competición en busca de revalidar o título con boas sensacións tras derrotar a Ensino. Os tres primeiros cuartos foron de gran intensidade e velocidade por parte de Hierros Ferreiro, e grazas á boa defensa do conxunto capitalino, os roubos de balón transformáronse en canastras rápidas que permitiron que a distancia no marcador fora aumentando pouco a pouco para chegarse ao último cuarto co encontro practicamente visto para sentenza, 66-35. No derradeiro periodo, con todo decidido, a intensidade baixou ata a conclusión do encontro, que rematou con 79-46 no electrónico.

No outro encontro da xornada Ribadeo levouse a vitoria no Novo Chanto fronte a MGR CB Sarria por 29-105, e así os de Sama estrearon a súa conta de vitorias tras caer na primeira xornada contra Carferlo Viveiro.

Os mariñaos dominaron todo o encontro con facilidade grazas ao seu nivel de intensidade, e xa dende o primeiro cuarto conseguiron vantaxes co 8-24 tralos primeiros dez minutos. O parcial de 4-24 deixaba o encontro practicamente visto para sentenza co 12-48 ao descanso.

Na segunda metade os ribadenses non baixaron o ritmo, nin en defensa nin de anotación, e grazas ao control do rebote co que aproveitaron as xogadas de contraataque pecharon o encontro co definitivo 29-105.

A próxima fin de semana a competición descansa, e volverá o día 9 de novembro coa disputa de dous novos encontros: Hierros Ferreiro - Carferlo Viveiro e CB Ría de Ribadeo - Ensino.

# LUGO SALA

## A ESCOLA DE FÚTBOL SALA LUCENSE PRESENTOU AOS SEUS EQUIPOS no Pavillón Municipal baixo o lema "Avanzando con paso firme" con 21 equipos en liza esta tempada




Onte domingo Lugo Sala club levou acabo a súa tradicional presentación da tempada na que, co desfile dos seus 21 equipos, celebrou a súa posta de longo nun ano no que a entidade que preside Marcos Pereira quere seguir "Avanzando con paso firme", como reza o eslogan desta campaña 2019-2020.

Este proxecto, que arrincou en maio de 2014 con 50 nenos, nesta tempada converterase na escola de fútbol sala con maior número de licenzas de toda a provincia de Lugo, e unha das que lidera o ránking galego, xa que contará con máis de 230 licenzas unha vez arrinquen todas as competicións.

O Palacio Municipal dos Deportes de Lugo acolleu o acto, previamente coa actuación da escola de danza Star Dance Lugo, e posteriormente co desfile dos grandes protagonistas, as xogadoras e xogadores que conforman a Escola xunto cos seus adestradores. Todos eles foron desfilando ante os aplausos dos seus pais e familiares, desde a grada, e na cancha, ante a atenta mirada de todos os presentes.

**Agradecemento a patrocinadores e institucións**

Tralo desfile e antes das intervencións das autoridades, Marcos Pereira fixo entrega a todos os patrocinadores do club e institucións dun recordo do acto en agradecemento á súa colaboración neste proxecto deportivo.

**Homenaxe**

Houbo momento tamén para homenaxear a unha persoa que está moi ligada ao club cun proxecto como Directivo, e que este ano lle tocou emigrar a Valencia para dirixir ao Levante UD FS. Pese á distancia segue apoiando e seguirao facendo de cara ao futuro. Diego Ríos aproveitou o parón da LNFS na 1ª división para visitar á súa familia e tamén á súa familia deportiva, a da ADC Lugo Sala. Desde o club brindáronlle esta homenaxe sorpresa que el mesmo descoñecía, pero que non fai máis que recoñecer a gran traxectoria deportiva do técnico lucense.

**Fotos de familia**

O acto finalizou coa realización das fotos oficiais de cada un dos 21 equipos que este ano conforman a Escola e coas fotos de familia, grazas á colaboración de Kilian Fotógrafo (Rúa Lamas de Prado, 36, en Lugo).







